**O CONSORCIO DE AUGAS DO LOURO APROBA CONVENIOS CON AUGAS DE GALICIA E OS CONCELLOS DE MOS, O PORRIÑO E SALCEDA DE CASELAS POR UN IMPORTE SUPERIOR A UN MILLÓN DE EUROS**

O Consorcio de Augas do Louro, na súa sesión extraordinaria do 21 de xullo, aprobou o asinamento dos convenios de colaboración entre Augas de Galicia e os Concellos de Mos, O Porriño e Salceda de Caselas para acometer, incorporar ao patrimonio público municipal e garantir a posta en servizo, explotación, conservación e mantemento de novos ramais de saneamento nestes Concellos.

Augas de Galicia farase cargo do 100% da inversión, levando a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras así como a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados.

Unha vez finalizadas as obras, estas pasarán a ser titularidade dos concellos beneficiarios, sendo o Consorcio de Augas do Louro o ente responsable da súa posta en servizo, explotación e mantemento.



**Alcaldes de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui xunto co Director de Augas de Galicia no Comité Directivo do Consorcio**

No Concello Mos, a parroquia de Pereiras contará con nove ramais de colectores no lugar de Roublín, cunha lonxitude de 2.058 metros e un valor aproximado de 500.000 euros, que dará servizo a 114 vivendas e cerca de 250 persoas.

No Concello de O Porriño, a parroquia de Budiño contará novas redes de saneamento que permitirán, ademais, conectar co sistema xeral de saneamento redes existentes en Vacaría, co obxecto de dar servizo a cerca de 250 persoas, cunha inversión duns 425.000 euros.

**Camiño da Veiga s/n · 36720 Guillarei (Tui) · Tfno 886 609 801 · Fax 986 166 722 · contacto@consorciodolouro.es**

No Concello de Salceda de Caselas, as obras que se pretenden executar consisten na execución de dous ramais de colectores que permiten conectar á rede existente a un núcleo de vivendas en Pomar de Suso, Arrotea que aínda non dispoñen de saneamento. A inversión comprometida será de cerca de 135.000 euros.

Con este acto materialízase novamente o apoio de Augas de Galicia aos Concellos integrantes no Consorcio para a ampliación dos servizos de saneamento, de acordo coa programación establecida conxuntamente en marzo deste mesmo ano, e continuando unha colaboración que durante o ano 2015 acadou, por exemplo, a finalización de importantes obras de saneamento na parroquia de Budiño en Salceda de Caselas ou a posta en servizo do bombeo de Areas, en Tui, que permitirá levar as augas residuais de preto de 4.000 habitantes de Areas, Pexegueiro, Malvas e Randufe ata a depuradora de Guillarei.